

Ilustracións: **GUY DELISLE**

Encadernado en cartón. Banda deseñada.
48 páxinas en color. 23x31 cm.

Dispoñible en:

- Galego: "Luis vai á praia"
ISBN: 978-84-96957-85-5
- Castelán: "Luis va a la playa"
ISBN: 978-84-96957-84-8

Prezo: 14 €

LUIS VAI Á PRAIA

Neste cómic sen palabras, con trazos cinematográficos, a comunicación co lector baséase na forza expresiva das imaxes, no uso de figuras simbólicas para plasmar os diálogos e na áxil sucesión das viñetas para amosar unha divertida historia: un día de praia na vida dun neno moi cativo.

Todo comeza unha mañá, moi cedo, empregando os máis variados e incómodos métodos para espertar a quen dorme. Xa na beira do mar, iranse sucedendo as típicas accións que protagonizaría calquera neno ou nena de curta idade: caídas, xogos coa pelota hinchable e travesuras que molestan a algún que outro bañista, entreterse con outros rapaces... Non faltan o heladeiro co seu carriño, a pa e o caldeiro para facer mastodónticos castelos de auga e area, a incursión entre as ondas e, de volta a terra firme... outra clásica incidencia: atoparse perdido entre a inmensidade de toallas e xentío.

Os lectores, adultos e infantís, sentiranse identificados neste álbum, cada un na parte que lles toca: os maiores porque terán vivido anécdotas semellantes exercendo de coidadores, e os cativos porque lles gustaría experimentar as aventuras cheas de humor nas que se ve involucrado o neno protagonista. Entre elas, algunha irreal e fantástica, como o boneco que, en situacións de perigo, cobra vida e o salva heroicamente.

Un libro ideal para o tempo de lecer e das vacacións, para sobrelevar o calor do verán cun sorriso de complicidade.

GUY DELISLE (Quebec, 1966)

Traballou en varios estudos de animación, pero é máis coñecido pola súa faceta como autor de novela gráfica. Dende 1996 leva publicados preto dunha vintena de libros. Entre os seus traballos máis destacados figuran "Shenzen" e "Pyongyang", editados en 2000 e 2003, respectivamente, que relatan as súas experiencias nesas cidades asiáticas.

